**ACTA DO PROCEDEMENTO ABERTO SÚPER SIMPLIFICADO PARA A CONTRATACIÓN, POR LOTES, DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN SARAMAGOSO, O VISO, E AS CABRITAS, REBOREDA, REDONDELA (PLAN CONCELLOS 2018-2019, ANUALIDADE 2018)**

**Expte nº:** 1692/2018
**Título:** Acondicionamento e mellora de camiños municipais en Saramagoso, O Viso, e as Cabritas, Reboreda, Redondela (Plan Concellos 2018-2019, anualidade 2018)

Lugar: Departamento de Contratación da Casa do Concello de Redondela
Data: 15.05.2019
Asistentes: María Guillán Montero, secretaria Unidade Unidade Contratación

**Orde do día**
1º) Exame do informe emitido polo arquitecto municipal en relación co xustificación presentada pola empresa cuxa oferta estaba incursa en presunción de anormalidade no Lote 2
2º) Valoración das ofertas, asignación de puntuacións e proposta de adxudicación de cada un dos dous lotes.

En primeiro lugar se fai constar que con data 02.04.2019 se requiriu a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, á empresa Jesús Pombo Vidal, SL para que, no prazo de tres días hábiles, presentase a declaración responsable do Anexo I do PCAP debidamente cuberta, completando todos os campos a cubrir polo licitador. Así mesmo coa mesma data e polo mesmo medio se requiriu ás dúas empresas cuxas ofertas estaban incursas en presunción de anormalidade no Lote 2, Jesús Pombo Vidal, SL e Construcciones Fechi, SLU, para que no prazo de tres días hábiles xustificasen os valores das ofertas formuladas.

Así mesmo se fai constar que con data 03.04.2019 e dentro do prazo conferido ao efecto, Jesús Pombo Vidal, SL presentou a declaración responsable do Anexo I do PCAP debidamente cuberta, polo que o defecto existente foi subsanado. Respecto da xustificación dos valores anormais das ofertas que estaban incursas en presunción de anormalidade a empresa Jesús Pombo Vidal, SL non presentou documentación mentres que Construcciones Fechi, SLU presentou, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público o día 23.04.2019, documentación que foi remitida ao arquitecto municipal para que emitise informe ao respecto.

Tendo en conta que Jesús Pombo Vidal, SL presentou a declaración responsable do Anexo I do PCAP enmendada, debe ser admitido á licitación pero considerando que non presentou documentación xustificativa dos valores da oferta que estaba incursa en presunción de anormalidade do Lote 2, debe ser excluída da licitación deste lote.

A continuación se procede ao exame do informe emitido con data do 07.05.2019, polo arquitecto municipal en relación coa xustificación dos valores da oferta presentada por Construcciones Fechi, SLU no Lote 2 (CV 934AQ3THL773ZZZ3D3TJK4G55) que se transcriben de seguido:

"No proceso de contratación da obra houbo unha oferta calificada polo órgano correspondente como presumiblemente inviable por ser anormalmente baixa, de acordo co Aº 149 da Lei de Contratos do Sector Público LCSP.
Dita oferta foi presentada no Lote 2 por Construcciones Fechi cunha baixa do 22,41 %.
O órgano de contratación requiríu ó ofertante incurso na presunta temeridade para que xustificase as razóns da oferta.
2.2. As xustificacións aducidas son:
2.3.1. Teñen unha pranta de aglomerado asfáltico en propiedade
2.3.2. Compromisos de provedores
2.3. As xustificacións presentadas, con respeito ás admisibles de acordo ó Aº 149 LCSP, son:

| | NON | SI |
|---|---|---|
| 2.3.1. Aforro na fabricación, servizos ou métodos | | X |
| 2.3.2. Solucións ou condicións escepcionalmente favorables | X | |
| 2.3.3. Innovación e orixinalidade solucións propostas | X | |
| 2.3.4. Respecto ás obrigas medioambientais, sociais ou subcontratación | X | |
| 2.3.5. Obtención de unha axuda do Estado | X | |

(Só se ten en conta como admisible a tenencia en propiedade dunha pranta de aglomerado asfáltico, pois as partidas relacionadas con ese material supoñen o 68,1% da obra)
2.4. Conclusión: As xustificacións aportadas e que explican que a oferta presentada sexa presumiblemente inviable por ser anormalmente baixa SI se axustan ás admisibles de acordo ó Aº 149 LCSP

A continuación se toman en consideración as ofertas presentadas en cada un dos lotes e se procede á súa valoración segundo os criterios de adxudicación establecidos na cláusula 10ª das bases que rexen esta contratación (prezo e prazo garantía obra), respecto dos que se establece que a puntuación máxima posible a acadar é de 13 puntos, que de forma desagregada é a seguinte:

"***- Prezo: ata 8 puntos***
*O órgano de contratación puntuará coa puntuación máxima de **8 puntos** a oferta máis vantaxosa dende o punto de vista económico e o resto obterá unha puntuación proporcional segundo a súa oferta, mediante a aplicación da seguinte fórmula:*

*P = (Oferta máis baixa/oferta a considerar) x 8*

*A valoración do prezo de licitación farase sen ter en conta o IVE.*

***- Prazo de garantía da obra (a contar dende a data da acta de recepción ou conformidade).***

- *2 anos de garantía: 1 punto.*
- *3 anos de garantía: 2 puntos.*
- *4 anos de garantía: 3 puntos.*
- *5 anos de garantía: 4 puntos.*
- *6 anos de garantía: 5 puntos."*

Aplicando estes criterios e considerando innecesario ningún informe adicional, dado o seu carácter obxectivo, obtéñense as seguintes puntuacións para cada un dos lotes:

| LOTE 1 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| LICITADOR | PREZO OFERTADO (SEN IVE) | PUNTUACIÓN | PRAZO GARANTÍA | PUNTUACIÓN |
| **ALSECONSAP, SL**<br>**B32424962** | 20.187,43 | 6,69 | 6 ANOS | 5,00 |
| **CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, SL**<br>**B36133916** | 16.880,00 | 8,00 | 4 ANOS | 3,00 |
| **CONSTRUCCIONES EC CASAS, SL**<br>**B36147429** | 19.989,16 | 6,76 | 6 ANOS | 5,00 |
| **CONSTRUCCIONES FECHI, SL**<br>**B36258861** | 17.528,27 | 7,70 | 6 ANOS | 5,00 |
| **CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA**<br>A36008886 | 18.709,85 | 7,22 | 2 ANOS | 1,00 |
| **CONSTRUCCIONES VALE, SL**<br>**B36024933** | 22.210,17 | 6,08 | 2 ANOS | 1,00 |
| **JESÚS POMBO VIDAL, SL**<br>**B94166717** | 17.768,14 | 7,60 | 6 ANOS | 5,00 |
| **MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SL**<br>**B36533537** | 21.237,39 | 6,36 | 6 ANOS | 5,00 |
| **NAROM, SL**<br>**B36163418** | 18.412,23 | 7,33 | 6 ANOS | 5,00 |
| **NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU**<br>**B27802503** | 18.034,66 | 7,49 | 6 ANOS | 5,00 |

| LOTE 2 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| LICITADOR | PREZO OFERTADO (SEN IVE) | PUNTUACIÓN | PRAZO GARANTÍA | PUNTUACIÓN |
| **ALSECONSAP, SL**<br>**B32424962** | 14.541,64 | 6,83 | 6 ANOS | 5,00 |
| **CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, SL**<br>**B36133916** | 13.800,00 | 7,20 | 4 ANOS | 3,00 |
| **CONSTRUCCIONES EC CASAS, SL**<br>**B36147429** | 15.605,86 | 6,37 | 6 ANOS | 5,00 |
| **CONSTRUCCIONES FECHI, SL**<br>**B36258861** | 12.419,06 | 8,00 | 6 ANOS | 5,00 |
| **CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA**<br>A36008886 | 14.506,25 | 6,85 | 2 ANOS | 1,00 |
| **CONSTRUCCIONES VALE, SL**<br>**B36024933** | 16.006,01 | 6,21 | 2 ANOS | 1,00 |

| LOTE 2 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SL B36533537** | 15.775,99 | 6,30 | 6 ANOS | 5,00 |
| **NAROM, SL B36163418** | 14.336,58 | 6,93 | 6 ANOS | 5,00 |
| **NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU B27802503** | 14.626,29 | 6,79 | 6 ANOS | 5,00 |

Finalmente e á vista do anterior, se procede a remitir o expediente ao órgano de contratación para a adxudicación dos lotes 1 e 2 do contrato a favor de Construcciones Fechi, SLU, ao establecer, de conformidade coa valoración realizada a seguinte clasificación, por orde decrecente, das proposicións presentadas en cada un dos lotes en función da puntuación acadada por cada unha das empresas licitadoras:

**Lote nº 1 Actuacións no camiño Torreiro do Viso (lugar Saramagoso-O Viso) e no camiño Costa da Peneda (lugar Saramagoso-O Viso)**

**1º) Construcciones Fechi, SL** (CIF núm. B36258861) que obtén un total de **12,70 puntos**.

**2º) Jesús Pombo Vidal, SL** (CIF núm. B94166717) que obtén un total de **12,60 puntos**.

**3º) Nexia Infraestructuras, SLU** (CIF núm. B27802503) que obtén un total de **14,49 puntos**.

**4º) Narom, SL** (CIF núm. B36163418) que obtén un total de **12,33 puntos**.

**5º) Construcciones EC Casas, SL** (CIF núm. B36147429) que obtén un total de **11,76 puntos**.

**6º) Alseconsap, SL** (CIF núm. B32424962) que obtén un total de **11,69 puntos**.

**7º) Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, SL** (CIF núm. B36533537) que obtén un total de **11,36 puntos**.

**8º) Construcciones, Obras y Viales, SA** (CIF núm. A36008886) que obtén un total de **8,22 puntos**.

**9º) Construcciones Caldevergazo, SL** (CIF núm. B36133916) que obtén un total de **11,00 puntos**.

**10º) Construcciones Vale, SL** (CIF núm. B36024933) que obtén un total de **7,08 puntos**.

**Lote nº 2 Actuacións no camiño Fondo do Canudo (lugar As Cabritas-Reboreda) e no camiño das Cabritas (lugar As Cabritas-Reboreda)**

**1º) Construcciones Fechi, SL** (CIF núm. B36258861) que obtén un total de **13,00 puntos**.

**2º) Narom, SL** (CIF núm. B36163418) que obtén un total de **11,93 puntos**.

**3º) Alseconsap, SL** (CIF núm. B32424962) que obtén un total de **11,83 puntos**.

**4º) Nexia Infraestructuras, SLU** (CIF núm. B27802503) que obtén un total de **11,79 puntos**.

**5º) Construcciones EC Casas, SL** (CIF núm. B36147429) que obtén un total de **11,37 puntos**.

**6º) Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, SL** (CIF núm. B36533537) que obtén un total de **11,30 puntos**.

**7º) Construcciones Caldevergazo, SL** (CIF núm. B36133916) que obtén un total de **10,20 puntos**.

**8º) Construcciones, Obras y Viales, SA** (CIF núm. A36008886) que obtén un total de **7,85 puntos**.

**9º) Construcciones Vale, SL** (CIF núm. B36024933) que obtén un total de **7,21 puntos**.

Así mesmo deberá comprobarse no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa Construcciones Fechi, SLU co CIF núm. B36258861, proposta como adxudicataria no Lote 1 e no Lote 2, está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e non está incursa en ningunha prohibición para contratar así como ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e no caso de que o licitador non estea inscrito na Rexistro Oficial de licitadores se lle deberá requirir a presentación da documentación establecida na cláusula 11ª do PCAP.

**Documento asinado electronicamente á marxe pola Secretaria da Unidade de Contratación**